



## Relixión Católica

---

Carga horaria: 1h.

Nesta materia terás a oportunidade de coñecer e profundar no compromiso dos misioneiros en lugares onde a fame e a pobreza son o pan de cada día. Se valoras a beleza interior, se procuras unha sociedade menos consumista e queres formar parte dun mundo máis humano, solidario, cívico e fraternal, aquí atoparás ferramentas, testemuños, criterios e moitas razóns para encher a túa mochila e camiñar por sendeiros de paz e vida. Como lemos na Biblia nun dos Salmos máis belos e humanistas, *"a persoa feliz e boa é aquela que anda rectamente e practica a xustiza, que ten sinceridade no corazón e non calumnia coa súa lingua; o que non presta á usura o seu diñeiro e non se deixa sobornar contra o inocente"*